

Dossier Artistas seleccionados exposición “QUE TES NO TEU CASILLEIRO?”

Uxía González Fernández “MÍRAME, MÍRATE” 2021



"Mírame, Mírate" é unha obra creada para expor a altura vista, de maneira que o espectador vexa a súa imaxe proxectada sobre a figura resultante do xogo de espellos. A polilla, da especie *Antheraea pernyi*, actúa como antagonista ante o receptor, que mira o seu propio rostro sobre as súas as e a viste como un anteface. O insecto impón unha acción, "mírame", e ao obedecer nos vemos enfrentados ao noso rostro, o que nos leva a cumprir a seguinte orde, "mírate".

A obra tenta xerar unha situación rompedora para a imaxe do público, creando unha situación que o perturba ao igual que o atrae, e que o obriga a manter unha entrevista consigo mesmo.

Andrea Mosquera Guerrero

Error 21 no se encontró la coherencia, 2020



Dende que nacemos na nosa educación instáurase o concepto de produción como sinónimo de triunfo na vida. Isto significará ao longo desta, que co fin de alcanzar esa meta tomarémonos as licenzas que sexan necesarias, arrasando con todo o que se interpoña. Un claro exemplo serían as grandes empresas, mediante mensaxes eco-friendly baseadas nunha falsa realidade tratan de disfrazar ou xustificar o seu comportamento, vendéndonos a idea de que a preocupación ambiental, é algo que está por riba da ambición adquisitiva.

Mediante a mistura de elementos naturais e artificiais, nesta peza xérase un diálogo entre a supervivencia da natureza e a ambición do ser humano, a través da cal esta vese limitada ou eliminada de modo atroz.

É necesario dar un paso atrás e regresar a orixe das cousas, cuestionarnos o porqué e de que xeito. Existe coherencia no século XXI?

Andrea Torres
ENGRANAJES DE PRODUCCIÓN, 2019



“Engranajes de producción”, consiste nunha serie de debuxos que a través das puntadas de cosido sinalan, a modo de crítica, as liñas de segmentación que trazamos os humanos sobre o corpo doutras especies, como se fosen simples recortables. Apunta a como a industria cárnica trata aos animais non humanos, como simples unidades de produción, como un engranaxe máis da cadea, como os reduce e cosifica a un segmento comestible, é dicir, a unha porción. Unha revisión ao modelo capitalista no seu conxunto, foron os matadoiros industriais os que inspiraron a cadea de montaxe de Henry Ford e este, á súa vez, serviu de inspiración a Adolf Hitler para os campos de concentración nazis. A industria da morte hoxe continúa, tendo como fin saciar o apetito humano que resulta ser cada vez máis voraz: "Estamos rodeados dunha industria da degradación, a crueldade e a morte que iguala calqueira cousa de que fóra capaz o Tercer Reich, incluso a fai palidecer, dado que a nosa é unha industria sen fin, que se autorrexenera, que trae ao mundo coellos, ratas, aves de corral e gando co único propósito de matalos." (J. M. Coetzee)

Conchi Garrido

Amorfos. 2021



amorfo(adxectivo):

- 1.- que non ten forma definida
- 2.- que non ten estrutura interna definida.

“Art is not about art. Art is about life, and that sums it up”. Louise Bourgeois.

Esta frase de Louise Bourgeois, artista admirada por min e referente sen dúbida do meu traballo, clarifica a onde se dirixe a miña proposta . Un proxecto persoal, que crea un micromundo propio que afonda nas complexidades do ser, a memoria, e as obsesións. Trato de construír un todo, meu mundo.

As pezas creadas para esta mini-instalación foron xeradas dende a subxectividade, conferíndolles conceptos importantes, como a sensualidade, o indefinido, todo isto plasmado a través de formas orgánicas. Toda a carga inmaterial que conteñen estes entes amorfos, medos, sentimentos, obsesións... o traslado á materia. Xogo coa fisicidade, co espazo, coas tres dimensións.

É o reflexo do meu imaxinario, constituído por micromundos os cales vense habitados por estes entes amorfos que o invaden todo.

Candela Conde López

La belleza de lo cotidiano, 2020




Esta fotografía, disparada o 1 de abril de 2020, en pleno confinamento, pertence a unha serie formada por 20 imaxes. Estas foron realizadas para fotografía, unha das materias de primeiro de Belas Artes. Co fin de capturar obxectos do meu día a día creei composicións a través de encadres e perspectivas pouco habituais.

A canle principal que me permitiu descubrir esta nova realidade foi este espello circular que aparece en todas as fotografías.

Neste caso, o espello, que ocupa o centro do taboleiro de xadrez, crea un espazo baleiro onde se reflexan unha serie de pezas, catro delas deitadas.

O equilibrio, a composición e a sinxeleza sempre foron cuestións moi relevantes na miña obra, á hora de crear a composición do espazo que vai ser posteriormente fotografado. Podemos ver como este conxunto de características se poñen de manifesto ao longo da serie "A beleza do cotiá".

Carolina Bouza Calvo
Sin título, 2019-2020



Estas dúas pezas realizadas con gouache pertencen ao meu mundo interior, un mundo que non sempre é de cor como se ve representado nestas dúas pinturas. Saíron de dentro, de calqueira momento hipnótico, por ter bebido café de camiño á casa ou simplemente por escoitar piar un paxaro que pasaba voando pola miña beira . Quixeron amosarse como son, lóxicos e incongruentes ó mesmo tempo, fóra das leis do recoñecible.

Acompañadas doutra personaxe cos brazos demasiado longos como para camiñar cos pés. Nado da mesma maneira, por necesidade, dándose a coñecer a través da sumisión dócil do afloramento do inconsciente.

E así se nos presentan, chegados de lonxe á vez que de moi preto.

Lara Cores

Procesos hacia la introspección, 2020





Os materiais plásticos chaman a atención da artista, dende a súa infancia conviviou con estes materiais. O negocio familiar é o condenado mundo das bolsas de plástico. A vinculación é importante, creceu con el e a pesares de ser o peor inimigo de todos na actualidade, a artista recolle segmentos xa olvidados para darlle unha vida nova cun enfoque moi diferente. REDUCE, REUSE, RECYCLE.

Traballando con plástico reciclado, mediante a súa unión e desfiguración cunha máquina soldadora, experimentei os cambios e formas que pode adoptar este material, chegando ao resultado final. Unha masa de plástico vermello composta por volumes, pregos e volantes. Os materiais en sí, exercen de lenzo e de pintura. Nel podemos ver textura, cor, profundidade e incluso movemento. Sen dúbida é unha peza moi vérsatil cuxa colocación pode adaptarse a diferentes situacións ou estancias e súa aportación seguirá sendo valiosa.

A obra é unha poesía ao arte plástico, seguindo os pasos da obra de artistas como Alen Ozbolt, Ángela de la Cruz, Jose Luis Vicario ou Eva Hesse, encóntrase a beleza na deformidade dos materiais maleables e odiados coma éste.

Daniel Selas
Sin título, 2020/2021




A obra presentada trátase dunha colección de residuos orgánicos, entre os cais podemos atopar pedras, musgo, plantas, cortiza e flores, todas de orixe autóctono parte da paisaxe galega.

Estes elementos naturais foron previamente secados e envasados ao vacío para a súa óptima conservación. O conxunto de pezas dá lugar a un diálogo poético entre os materiais naturais e o material plástico que as recobre. As mostras son parte dunha investigación ao redor da moda contemporánea e experimental, inspirada no crecemento azaroso da natureza na contorna urbana e na forma na que interactuamos con ela.

Estas pezas serían a materia prima necesaria para a construción de partes concretas que forman unha prenda, como por exemplo un pescozo, un puño, un peto ou mesmo un accesorio.

Eva Antelo

Sen título, 2021



Moitas cidades voltaron mudas[...] súa arquitectura voltouse incapaz de transmitir significados e valores simbólicos. Sen embargo hai cidades nas que os propios edificios que a compoñen, explican a súa vida, súa función, falan do que conteñen, facendo do conxunto das fachadas da cidade, un auténtico abecedario de símbolos.


Silvia López. (2009). Las ciudades y los signos.

O proxecto partiu do TFM que presentei no Máster de Producción Artística Interdisciplinar en Málaga. Nel estudábase a relación entre espazo e linguaxe verbal, co habitar como pedra angular e punto común destes dous conceptos. Aquí, o eixe temático é a consideración do libro como cidade e da cidade coma libro. A escritura emerxe coma unha metáfora construtiva, unha verbalidade feita formigón. Derrubar un edificio é borrar partes da trama que narra a paisaxe urbana; arrincar as palabras da páxina é unha demolición de verba escrita. Pegadas de ausencias forzosas, unha sorte de contramolde destas dúas vivencias negadas por agresión: unha, a habitabilidade, e a outra, a lectura.

As fotografías incluídas foron tomadas no barrio de La Trinidad, Málaga, barrio ao que o río Guadalmedina protexeu da xentrificación... ata o de agora.

Nuria Oujo

Despertar e Máscara, 2021



Todas teñen en común a idea de retrato e o xogo de tonalidades entre o malva, lila, azuis e rosas.

En *Despertar* tiña interés de crear unha sensación entre realidade e ficción empregando cores chamativas no rostro. Interesoume empregar a auga para transmitir tranquilidade e amosar todo o peso da composición no rostro.

Finalmente, *Máscara* critica a tendencia da xente por cubrir a súa personalidade. Dependendo da situación, as persoas tenden a actuar dun modo ou doutro sen sequera percatarse. Consideraba interesante formar a máscara a partir da pel da retratada, e non coma un obxecto que podes quitar ou poñer, coa finalidade de transmitir esa idea de algo propio, unha personalidade que xeras ti mesmo e amosas ao resto.

Carla Gasparrini

"Los sillones ya estaban aquí cuando yo llegué", 2021



Os sillóns xa estaban aquí cando eu cheguei. É unha obra que recolle un recordo e vivencia sobre un lugar no que recentemente estiven. O soporte foi realizado de forma artesanal para recordar o formato da Bitácora de viaxe, coa que se recoñece. A paisaxe -un pequeno pobo perdido camiño Ourense- corresponde a casa dunha amiga, quen me abriu as súas portas coa excusa de facer un traballo da facultade.

O espazo foi representado a modo de panorámica unindo diferentes puntos de vista do seu patio exterior. O título da obra corresponde coa pregunta que, sorprendida pola súa ubicación, decicín oportuna facerlle:

Eu-“por que hai dous sillóns no medio do teu patio?”

Ela- “Os sillóns xa estaban aquí cando eu cheguei”.

José María Paniagua González
Sin título, 2021



Ao igual que xa fixeran Gustave Courbet ou Pere Borrell, con esta obra trátase o tema das marxes do lenzo e a súa representación no espazo expositivo. A proposta da Sala X e os casilleiros escollidos por esta, permitíronme xogar coa idea do encerro e o cristal, situando o personaxe retratado dentro deste reducido espazo do que pretende saír. Para dotar á imaxe dunha temática máis cómica, a faciana aparece apegada contra o vidro simulando as caras que faciamos de nenos xogando nas fiestras, coa diferenza de que, desta vez, non se trata dunha expresión de burla senón dun acto melancólico, dun ser á espera de que alguén o libere da gaiola de cristal. Poderíamos tan só interpretalo coma unha obra que aproveita dun xeito orixinal o espazo no que se expón, mais, dende unha ollada máis intimista, podemos percibir as sensacións de angustia e inquedanza pola falta de liberdade que, ao igual ca o retratado, a maioría de nós chegou a sentir – e aínda sinte – debido á situación que estamos a vivir.